

## Disposición final segunda.

Este regulamento será vixente dende a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo que dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local".

En virtude do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, o texto completo do presente regulamento deberá ser publicado no Boletín Oficial da Provincia, e non entrará en vigor ata que transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da citada Lei.

E para que así conste e coa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, coa salvidade que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente, expido a presente certificación de orde e co visto e prace do Ilmo. Sr. Alcalde, en Lugo, a 3 de outubro do 2000.- V. e Pr. cumprese, O Alcalde, P.D. A tenente.-Alcalde Delegada da Area (Decreto Alcaldía n.º 60/1999) Branca Rodríguez Pazos.

R. 30274000005257

MEIRA

Edicto

Habéndose elevado a definitivo, por non haberse presentado reclamacións durante o período de exposición ó público e dispoñelo así o acordo de aprobación provisional, adoptado polo Pleno deste Concello, na sesión extraordinaria celebrada o día 29 de agosto do 2000, de "MODIFICACION DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACION DOS SERVICIOS DA REDE DE SUMIDOIROS", a medio do presente edicto, publícase o texto íntegro desta ordenanza, en cumprimento do establecido no artigo 17.4 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais.

### ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACION DOS SERVICIOS DA REDE DE SUMIDOIROS.

#### Artigo 1.º.- Fundamento e réxime.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ó 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola prestación de "servicios da rede de sumidoiros", que se rexerá pola presente ordenanza, cuas normas atenden ó previsto no artigo 58 en relación co artigo 20.4.r), ambos da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, de acordo coa modificación establecida na Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do Réxime Legal das Taxas Estatais e Locais e de Reordenación das Prestacións Patrimoniais e de Carácter Público.

#### Artigo 2.º.- Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible da taxa.

a) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autoriza-la acometida á rede de sumidoiros municipal.

b) A prestación dos servicios de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, a través da rede de sumidoiros municipal, e o seu tratamento para depuralas.

2. Non estarán suxeitas á taxa as fincas derruídas, declaradas ruinosas ou que teñan a condición de soar ou terreo.

#### Artigo 3.º.- Suxeito pasivo.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que sexan:

a) Cando se trate da concesión de licencia de acometida á rede, o propietario, usufructuario ou titular do dominio útil da finca.

b) No caso de prestación de servicios do número 1.b) do artigo anterior, os ocupantes ou usuarios das fincas do término municipal beneficiarias de ditos servicios, calquera que sexa o seu título: Propietarios, usufructuarios, habitacionistas ou arrendatario, incluso en precario.

2. En todo caso, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do ocupante o usuario das vivendas ou locais o propietario destes inmobles, quen poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servicio.

#### Artigo 4.º.- Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

#### Artigo 5.º.- Base imponible e liquidable.

A base imponible virá determinada no suposto de licencia ou autorización da acometida á rede de sumidoiros, polo número de locais ou vivendas que desauguen conxuntamente a través da acometida para a que se solicita autorización.

No referente á evacuación de excretas, augas negras, residuais e pluviales, a base imponible está constituída polos m.<sup>3</sup> de auga consumida na finca ou polos m.<sup>3</sup> de auga vertida á rede de sumidoiros.

#### Artigo 6.º.- Cota tributaria.

1. A cota tributaria correspondente á concesión da licencia ou autorización da acometida á rede de sumidoiros, esixírase por unha soa vez e consistirá na cantidade fixa de:

- Por vivenda	10.000 ptas.
- Por local comercial	10.000 ptas.

2.- A cota tributaria a esixir pola prestación dos servizos da rede de sumidoiros e depuración determinarase en función da cantidade de auga, medida en metros cúbicos, utilizada na finca.

Para tal efecto, aplicarase a seguinte tarifa:

- |                                |                                     |
|--------------------------------|-------------------------------------|
| a) Vivendas e pequeno comercio | 20 ptas./m. <sup>3</sup> /bimestre. |
| b) Industrias                  | 60 ptas./m. <sup>3</sup> .          |

Naqueles casos, nos que non se consuma auga da rede municipal, pero se se verte á mesma, o usuario estará obrigado a colocar un contador de vertidos, para os efectos de liquidación da presente taxa.

- As grandes industrias existentes ou outras que se poidan instalar, cujos vertidos non vaian á rede municipal, asumirá o custo que garanta a autofinanciación do seu propio vertido, que será establecido mediante concerto con este Concello.

- Poderase facer convenios con empresas que por as súas características, produzan determinado volume de vertidos e non poidan ser medidos os mesmos polo consumo de auga ó ter abastecemento autónomo ou mixto.

3. En ningún caso poderá tomarse un consumo de auga que sexa inferior ó mínimo facturable polo seu subministro. A cota resultante da consideración deste consumo terá o carácter de mínima esixible.

Artigo 7.<sup>º</sup>- Exencións e bonificacións.

Non se concederá exención nin bonificación ningunha na exacción da presente taxa.

Artigo 8.<sup>º</sup>- Devengo.

1. Devéngase a taxa e nace a obrigaçión de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito impositivo, entendéndose iniciada a mesma:

a) Na data da presentación da oportuna solicitude da licenzia de acometida, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.

b) Dende que teña lugar a efectiva acometida á rede de sumidoiros municipal. O devengo por esta modalidade da taxa producirase con independencia de que se obtivera ou non a licenzia de acometida e sen proxuízo da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

2. Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, e da súa depuración teñen carácter obrigatorio para tódalas fincas do Concello que teñan fachada a rúas, prazas ou vías públicas nas que exista rede de sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de cen metros, e devengase a taxa aínda cando os interesados non procedan a efectual-a acometida á rede:

Artigo 9.<sup>º</sup>- Declaración, liquidación e ingreso.

1. Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de alta e baixa no censo de suxeitos pasivos da taxa, no prazo que media entre a data na que se produza a variación na titularidade da finca e o último día do mes natural seguinte. Estas últi-

mas declaracións surtirán efecto a partir da primeira liquidación que se practique unha vez finalizado o prazo de presentación de ditas declaracións de alta e baixa.

A inclusión inicial no Censo, ferase de oficio unha vez concedida a licenzia de acometida á rede.

2. As cotas esixibles por esta taxa liquidaranse e recadaranse polos mesmos períodos e nos mesmos prazos que os recibos de subministro e consumo de auga.

3. No suposto de licenzia de acometida, o contribuínte formulará a oportuna solicitude e os servizos tributarios deste Concello, unha vez concedida aquela, practicarán a liquidación que proceda, que será notificada para o seu ingreso directo na forma e prazos que sinala o Regulamento Xeral de Recadación.

Artigo 10.

As taxas de vivenda serán a cargo das persoas que obtiveran a licenzia de construción e de uso dos inmo- bles e as dos locais comerciais, de quen sexan titulares da licenzia de apertura.

En todo caso a liquidación das taxas practicarase conxuntamente na licenzia que se outorgue para a acometida ou enganche de auga potable, nos casos en que ésta non fora solicitada previamente.

Artigo 11.<sup>º</sup>- Infraccións e sancións tributarias.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tribu- tarias e sancións, ademais do previsto nesta ordenanza, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e demais normativa aplicable.

Disposición final.

A presente ordenanza, da cal a redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión cele- brada o día 11 de novembro de 1998, e modificada polo Pleno na sesión extraordinaria celebrada o día, 29 de agosto do 2000, entrará en vigor e será de aplicación a partir do día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Meira, a 17 de outubro do 2000.- O Alcalde, Rosendo Folgueira Valle.

R. 30274000005242

MONFORTE DE LEMOS

Edicto

El Pleno de la Corporación, en sesión celebrada el día 1 de septiembre del año actual, tuvo conocimiento del Avance del Plan General de Ordenación Urbana. Lo que se hace público, en cumplimiento de lo establecido en el artículo 41.1. de la Ley del Suelo de Galicia, con el fin de que cualquier interesado pueda presentar alegaciones, en el plazo de un mes, contado a partir del día siguiente al de la publicación de este anuncio.